

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

Borrador

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CEIP Figueiroa da Estrada.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2.2.1. Aula de 4º A

O grupo está composto por 9 nenas e 8 nenos, están xuntos dende infantil. Do total de alumnos, 8 fan uso do transporte escolar. Fan uso de comedor 4 de maneira fixa e 2 discontinua. Asisten a Proxecto Competencial 6 e 11 a Relixión. Son usuarios do plan madrugua un alumno. Dous alumnos e dúas alumnas teñen RE por parte da mestra de PT e un alumno de AL. 1 Alumno ten Adaptación Curricular en matemáticas, lingua galega e lingua castelá.

2.2.2 Aula de 4º B

O grupo está composto por 9 nenas e 8 nenos que están xuntos desde infantil. Do total de alumnos 9 fan uso do transporte escolar. Fan uso do comedor 3 de maneira fixa e 3 discontinua. Asisten a proxecto competencial 7 e a relixión 10. 2 alumnos/as teñen reforzo educativo por parte da mestra de PT e 1 de AL. Un alumno terá reforzo na aula.

2.2.3. Aula de 4º C

O grupo está composto por 10 nenas e 7 nenos, están xuntos dende infantil. Do total de alumnos, 7 fan uso do transporte escolar, 3 deles días soltos. Fan uso de comedor 7 de maneira fixa e 2 discontinua. Asisten a Proxecto Competencial 6 e 11 a Relixión. Unha alumna ten RE por parte da mestra de PT e catro alumnos de AL.

3.- Os Mestres

Titoras:

Estela Godoy Miranda 4º A

Isabel Calvelo Riveira 4º B

Sonia Barcala Sanmarco 4º C

Especialistas:

-Inglés :

Álvaro Vázquez Polo 4º A

María Carmen Fernández Fernández 4º B e 4º C

-Música: Rebeca López Rey

-Educación Física: Jorge Barros Vinseiro

-Relixión católica: Victor José Prego Fajardo

-Audición e linguaxe: Rosa María Aller Camiña

-Pedagogía terapéutica: Rocio Pazo Neira 4º A-4º B e 4º C e Marta Durán Liñares (4º A)

-Orientación : Dévorah Mosquera Mejuto

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Escola de Baile. "Bailar é soñar cos pés"	Afondamento nos bailes internacionais que teñen a categoría de Patrimonio Inmaterial da Humanidade pola UNESCO.	30	12	X		
2	"Danza sen Fronteiras". Individuais e grupais	A danza e o baile son parte importante da cultura dun país sen importar de onde sexamos.	40	13		X	
3	"Bailes tradicionais galegos: Muñeira e Xota".	Coñecemento dos bailes propios de Galicia. Relación cos bailes populares de España.	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Escola de Baile. "Bailar é soñar cos pés"	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia dos diferentes bailes e danzas coa cultura do país.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para as distintas fases do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	"Danza sen Fronteiras". Individuais e grupais	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	"Bailes tradicionais galegos: Muñeira e Xota".	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os distintos produtos finais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Escola de Baile".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto.

A Organización Internacional das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura UNESCO realiza dende hai décadas as listaxes de bens que se catalogan como Patrimonio da Humanidade, co fin de difundir e preservar cada un deles. Aparte dos bens de carácter material, que son os máis coñecidos, como lugares, edificios ou restos arqueolóxicos, tamén efectúan a Lista de Patrimonio Inmaterial da Humanidade, na que se recollen culturas e tradicións ancestrais, así como a MÚSICA e a DANZA.

Hai bailes internacionais que merecen a categoría de Patrimonio da Humanidade. Moitos deles coñecémolos e bailámolos, outros non deixarán de sorprendernos.

1.- MERENGUE - REPÚBLICA DOMINICANA

- 2.- RUMBA - CUBA
- 3.- SAMBA - BRASIL
- 4.- CANDOMBE - URUGUAY
- 5.- FLAMENCO - ESPAÑA
- 6.- TUMBA FRANCESA - CUBA
- 7.- FEST - NOZ - FRANCIA
- 8.- LAKALAKA - TONGA
- 9.- AKIU NO TAUE ODORI - JAPÓN
- 10.- TANGO - ARGENTINA
- 11.- NONGAK - REPÚBLICA DE COREA
- 12.- ALMEZMAR - ARABIA SAUDITA
- 13.- KOLO - SERBIA
- 14.- SEPERU - BOTSWANA

Neste trimestre, deberán empezar a realizar o dossier con toda a información anterior e comezar xa a pescudar e descubrir distintos aspectos . Entre eles:

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, levarase a cabo a recompilación da información anterior e a elaboración dos produtos finais, onde terán liberdade para a súa escolla e deseño. Entre eles

“Danza sen Fronteiras” coincidindo coa conmemoración do día da paz, Día Internacional da Danza.... A danza e o baile van moito máis alá de simples movementos xa que son unha parte moi importante da cultura que nos representa como comunidade e país. Non importa de onde sexamos, o baile e a danza atravesan fronteiras e países e foron evolucionando ao longo dos tempos para contarnos historias diferentes ou transmitirnos a orixe da nosa cultura.

HULA-HULA

CHA-CHA-CHA

HIP HOP

BOLLYWOOD

BALLET

Se profundizamos un pouco nas músicas, poderemos recoñecer danzas urbanas, danzas contemporáneas, danzas folclóricas.... Danzas individuais como a danza oriental (danza do ventre) e outras que son colectivas ou deben bailarse en grupo como vals ou rock and roll....

BREAKING

É o único que ten a categoría de Deporte polo que se disputou nos Xogos Olímpicos de París24

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, coa axuda do mestre/a, os produtos finais elaborados, realizando unha presentación danza ou baile todos os aspectos estudados e practicados.

O proxecto poderá ser difundido nunha breve presentación polas distintas aulas de primaria.

BAILES TRADICIONAIS GALEGOS A MUÑEIRA E A XOTA

Por coincidir coa conmemoración das letras galegas o 17 de maio, relacionar coas diferentes escolas de baile do noso concello.

Relación con outros bailes populares de España como Sardana, Danzas Vascas, Chotis, Jota....

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Matemáticas (tempos).
- Ciencias Naturais (cultura, paisaxes...).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Ciencias Sociais (xeografía física , monumentos)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto).
- Música e Danza (bailes e cancións, danzas)

...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portfolio

Cartolinas
Rotuladores, pinturas...
Pizarra interactiva, tablets
Téxtiles para caracterización dos bailes

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de polos creativos e na biblioteca nos ordenadores onde os grupos buscarán a información correspondente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado. E dita información servirá para modificar estratexias precisas, así como para a elaboración das actividades de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida co D.O. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega dos traballos coa información correspondente e unha pequena coreografía de baile .

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Adopción de rol concreto. Participación activa. Danza

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. Baile tradicional

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de control e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avalíaranse aspectos de traballo cooperativo , realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, produtos finais, claridade expositiva...

A avaliación ordinaria final responderá aos seguintes parámetros que recolleamos a continuación: a) Avaliación continua nas Linguas Galega e Castelán, no Proxecto Competencial e Ed. Plástica, polo que a nota da terceira avaliación e a ordinaria coincidirán. b) En Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Matemáticas a avaliación ordinaria responderá á media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Respecto aos criterios de promoción, a avaliación será positiva cando o alumnado acade alomenos os estándares prioritarios no seu nivel mínimo de consecución e o 60% do resto dos estándares.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde...

A nota da dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as .

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto en calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación n o P.D.I do centro no curso 2023 -2024 .	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X

Observacións:

Presentación do proxecto nas distintas aulas de primaria.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Participación activa de todo o alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles. O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normtativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados

Borrador